

## OBXECTIVOS DE E. INFANTIL

Progresar no coñecemento e o dominio do seu corpo e das súas posibilidades adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.

Identificar progresivamente as súas posibilidades e limitacións, valoralas axeitadamente, e actuar de acordo con elas.

Adquirir a coordinación e o control dinámico xeral do propio corpo para a execución de tarefas da vida cotiá e de actividades de xogo.

Acada-lo grado de seguridade afectiva e emocional que corresponde ó seu momento de maduración e ir formándose unha imaxe positiva deles mesmos e dos demais.

Comportarse dacordo cuns hábitos e normas que lles leven cara a autonomía persoal e cara unha colaboración co grupo social.

Discriminar, relacionar e reter datos sensoriais.

Establecer relacións entre os obxectos aplicando as estruturas do pensamento intuitivo, elaborando unha primeira representación mental do espacio e a partires das propias vivencias, unha representación mental do tempo.

Observar e explorar o contorno inmediato cunha actitude de curiosidade e respecto, identificando características e propiedades significativas dos elementos que o forman e algunha das relacións que se establecen entre eles e apreciando positivamente manifestacións artísticas e culturais adecuadas a súa idade.

Representar e evocar aspectos da realidade vivida, coñecida ou imaxinada e expresa-los a través das posibilidades simbólicas que lles ofrece o xogo e outras formas de representación e expresión.

Comunicarse a través da linguaxe corporal e verbal.

Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ao seu alcance.